

## TERCEIRO PREMIO

*“O PAI DE MIGUELIÑO” de Xan Rodiño*

E o pai de Migueliño ficou abrazado ao corpo da súa muller, impulsado tanto pola necesidade de cariño como pola vergonza que lle impedía enfrontarse á ollada do seu fillo. Non a soltou ata chegaren á casa. Pola contra, Migueliño estaba ledó só con te-la presenza daquel home do retrato, pero era neno dabondo para non saber expresar abertamente os seus sentimentos, e o pai foi adulto de máis para dobregarse e recolle-lo amor polo seu fillo de entre tantas sensacións de fracaso. Xa nunca puido fitarlle aos ollos, e viviu agachándose do pícaro.

Deste xeito, cada un detrás da súa armadura, pasaron os anos e os días, incluso, ás veces as horas. Hoxe, Migueliño di: sinto como tremes ao ver que as atencións escasean ao redor, ao observar como desapareceron as persoas queridas e os seus afectos. Direiche, aínda que non che sirva de alento, que segues sendo o espello no que me miro. E nunca me importou que a túa roupa foran as menos gorentosas do porto ... Agotado, enrugado, coa túa bronquite crónica e as túas toses, coa túa alerxia, cos teus ollos hai tempo velados, tes medo a ser unha carga demasiado pesada, insoportable e prescindible ... mais eu quérote, pai. (...)

E abrazouno, como seu pai fixera coa defunta de súa nai.

A veces os abrazos enténdense.